



PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP COUCEIRO FREIJOMIL

Índice

1. Introducción.
2. Análise ou diagnóstico da situación do contexto:
 - 2.1. Características do centro e o seu contorno.
 - 2.2. Análise da realidade do centro en materia de convivencia e clima escolar.
 - 2.3. Diagnose sobre a convivencia no centro.
3. Concreción do plan:
 - 3.1. Obxecto, fins e principios do plan.
 - 3.2. Obxectivos específicos.
 - 3.3. Actuacións, medidas ou programas:
 - 3.3.1. Organización xeral da convivencia do centro:
 - 3.3.1.1. A comisión de convivencia.
 - 3.3.1.2. Normas de convivencia do centro.
 - 3.3.1.3. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.
 - 3.3.1.4. Aula de convivencia inclusiva.
 - 3.3.1.5. Protocolos e programas específicos.
 - ✚ Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
 - ✚ Protocolo de absentismo escolar.
 - ✚ Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
 - ✚ Plan de actuacións para a igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
 - ✚ Protocolo ou programa de mediación.
 - ✚ Protocolos e programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais.
 - 3.3.2. Actuacións anuais do plan de convivencia.

4. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan.
5. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan.
6. Difusión do plan.

1. INTRODUCCIÓN

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, co fin de garantir unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A partir da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do centro. Así mesmo, no preámbulo desta mesma norma dise que “ocupa un lugar relevante, na relación dos principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza”. Ademais, “proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes” como un dos fins do sistema educativo, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar “a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos”.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC). Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun

diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Ademais, será ao longo dos artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto onde se recollerán os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración.

A elaboración do plan de convivencia implica unha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. O nosos obxectivo é que este documento sexa realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, de aí que na súa elaboración busquemos o maior consenso posible e a participación da comunidade educativa.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

2.1. Características do centro e o seu contorno.

O CEIP Couceiro Freijomil, situado na rúa do Peirao s/n do concello de Pontedeume na provincia de A Coruña, é de titularidade pública. A poboación alcanza os 8881 habitantes, cunha densidade de 292 habitantes por quilómetro cadrado. A principal concentración dáse na vila, con 4607 habitantes; o resto áchase diseminado polos 29.5 quilómetros cadrados da superficie do municipio.

O colexio é un edificio novo entregado con data de setembro de 2009, aínda que levamos instalados no edificio principal dende marzo de 2008. Foi construído nos mesmos terreos sobre os que estaba o antigo edificio pero cunha distribución e orientación totalmente diferentes. A superficie construída do colexio é de 3082.8 m² sobre un terreo cunha superficie total de 9620 m² e ten unha cota de desnivel de 7.8 m que é salvada mediante ramplas e escaleiras que dan acceso aos patios superiores. A fachada principal está orientada ao nordeste, pola que linda coa Avenida do Peirao. Linda ao suroeste coa avenida de Ferrol, ao sueste coa rúa da Galera e ao noroeste co Pavillón polideportivo municipal, cara o que temos acceso directo.

Consta dun edificio principal de dúas plantas con catro portas de acceso: dúas dende a avenida do Peirao (unha para infantil e a principal para primaria e visitantes) e outras dúas dende os patios traseiros e dende o lateral do pavillón Polideportivo. Tamén se pode acceder directamente á planta superior mediante unha rampla que comunica cos patios de recreo superiores. Anexo ao corpo principal do edificio sitúase o ximnasio, que se integra naquel por medio dun soportal cuberto. Na parte superior do ximnasio sitúanse as instalacións do CEFORE, que teñen acceso directo dende a rúa da Galera. Pódese acceder da planta baixa á primeira por medio de dúas escaleiras, unha a cada lado do distribuidor xeral. Tamén existe un ascensor. Na fronte das aulas de educación infantil hai un patio de recreo ao que se accede dende cada unha das aulas directamente.

A súa situación xeográfica favorece a convivencia e a participación en moitas das actividades culturais e festivas organizadas na vila . Así mesmo o noso centro é fonte de dinamización e convivencia pois nel realízanse varias das actividades culturais ou extraescolares organizadas polo Concello ou outras asociacións culturais ás que poden asistir alumnado e familias doutros centros.

Para ver máis datos sobre o contexto, consúltese o PEC.

2.2. Análise da realidade do centro en materia de convivencia e clima escolar.

Para marcar uns obxectivos de convivencia, partimos da análise da enquisa de convivencia realizada pola Consellería de Educación no curso pasado á comunidade escolar.

Analizámola en tres apartados: Alumnado, profesorado e familias.

ALUMNADO:

Puntos fortes:

- O alumnado considérase integrado no grupo.
- A maioría considera que o centro está moi coidado.
- O alumnado considera que a forma de resolver conflitos no centro ou na aula é o diálogo.
- Consideran maioritariamente nas conductas positivas, que fan as tarefas, que cumpren as normas, que atenden ás explicacións e que obedecen e respectan ao profesorado.
- Sobre as condutas negativas que destacan nunca houbo acoso ou obrigaron aos compañeiros a facer algo que non querían e que non insultaron ou ameazaron usando o móbil.
- Nos espazos consideran en xeral que non hai problemas.

- O 78 % considera que nunca padeceu algunha conduta negativa, acoso, agresión ou falta de respecto.
- Nas respostas ás situacións precedentes, o alumnado destaca que dixo que pediu axuda as familias ou aos adultos do centro.
- Non se ven como agresores e recoñecen que as únicas medidas que sufriron foron as de expulsión da clase e quedar sen recreo.
- Sobre as decisións na clase, a maioría di a súa opinión na clase en presenza do/a titor/a ou profesorado.

Puntos débiles:

- Sobre o coidado dos materiais destaca que se tira lixo ao chan.
- En relación as condutas positivas, manifestan que traballan pouco en grupo e non evitan que fagan dano aos demais.
- Nas condutas negativas aparece o insulto moitas veces para un 10%, o mesmo que para non ter coidado co aseo e ca limpeza persoal.
- Unha cuarta parte do alumnado considera que hai problemas de convivencia nos aseos, no recreo e durante as clases.

 PROFESORADO:**Puntos fortes:**

- Manifestan un alto coñecemento dos documentos.
- Consideran que a convivencia mellorou lixeiramente.
- Cren que inflúe no aspecto escolar abordar a convivencia dende a prevención e favorecer unha maior participación do alumnado na solución de problemas.
- Opinan que normalmente se coidan os materiais e a instalación e que se respecta por parte dos usuarios o establecido nas NOF.
- A inmensa maioría, un 90%, consideran que a mellor forma de resolver os conflitos é dialogando para intentar chegar a acordos.

- En canto á relación coas familias o 76% consideran que escoitan ao profesor/a e chégase a acordos de actuación e o 71% cren que amosan interese polos estudos dos seus fillos/as e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar.
- En relación coas causas das condutas do alumnado consideran moi importante os problemas familiares (76%) e o contexto social (62%).

Puntos débiles:

- Pouco profesorado ten coñecemento da aula de convivencia inclusiva e dos equipos de mediación.
- Se ben ninguén do profesorado considera que nos últimos tres anos a convivencia no centro empeorou dun xeito alarmante, si hai un grupo de profesorado, principalmente de primaria que consideran que empeorou lixeiramente (19%).
- Un 33% do profesorado opina que a súa formación en materia de convivencia escolar é regular.
- Só un 9,5% coñece o protocolo para o procedemento conciliado.
- Aínda que é moi baixo, un 14% do profesorado opina que as familias non escoitan ao profesor/a e amósanse hostís cara a el/ela.

 FAMILIAS:**Puntos fortes:**

- As familias que opinaron, consideran na súa inmensa maioría que a convivencia mellorou lixeiramente ou moitísimo.
- Só un 2,9% considera que no noso centro existen problemas de convivencia.
- Cren que se respectan os materiais e as instalacións.
- Consideran que a participación activa no centro é moi positiva. A totalidade das familias que opinaron din que asisiten ao centro cando son convocados e

que amosan interese polo seu fillo/a no referente ao seu comportamento.

- Sobre a condición de presunta vítima ou agresor/a do seu fillo/a, din que non foi nin vítima nin autor/coautor (88.1%).
- Coinciden que a persoa máis coñecida do centro é a orientadora.
- Máis do 88% apoian as decisión que toma o/a titor/a sobre o comportamento dos seus/súas fillos/as.
- A totalidade afirma estar informado dos eventos realizados no centro.
- Unha enorme maioría das familias está satisfeita co centro. Si (90,5%). Non (2,4%)

Puntos débiles:

- Poucos coñecen a existencia e o contido dos documentos do centro referidos á convivencia.
- Afirmar participar na ANPA un 35.7%. Pero na realidade a participación é moito menor.
- So un 7.1% contesta que se reúnen as familias para buscar solucións de como mellorar a convivencia no centro.
- Ninguén recoñece que o seu/súa fillo/a foi autor/coautor dalgunha agresión, sen embargo o 7.1% considera que o seu/súa fillo/a padeceu a condición de vítima.

2.3. Diagnose sobre a convivencia no centro.

Puntos fortes:

- O alumnado manifesta boa relación cos compañeiros e compañeiras.
- Existe un alto nivel de respecto entre a comunidade escolar que viven con agrado a estancia no colexio, non vendo os problemas de convivencia como

problema prioritario.

- Alumnado e familias teñen bo concepto do traballo do profesorado.
- O profesorado considera que as familias actúan de acordo ás directrices que lles transmiten.

Puntos débiles:

- As familias coñecen pouco os documentos relacionados coa convivencia.
- Boa parte do profesorado manifesta que a súa formación en convivencia escolar é mellorable.
- O alumnado debería traballar máis en grupo.
- Existen pequenos incidentes principalmente no recreo e nos aseos.

3. CONCRECIÓN DO PLAN.

3.1. Obxecto, fins e principios do plan.

O plan de convivencia terá como referentes os fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes, recollidos no artigo 3 da Lei 4/2011, e explicitará aqueles principios consensuados pola comunidade educativa que rexerán todas as actuacións e intervencións. Na Comunidade Autónoma galega, os obxectivos xerais do Plan de convivencia, aparecen regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015 e relaciónanse cos fins e principios regulados no artigo 3 da Lei 4/2011.

Fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes (artigo 3 da Lei 4/2011)	Obxectivos xerais do Plan de convivencia (artigo 12 do Decreto 8/2015)
<p>a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.</p>	<p>b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.</p> <p>g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.</p>
<p>b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.</p>	<p>c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.</p> <p>i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións</p>

	do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.
c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.	e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.	a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.	h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.	c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe. f) Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.	b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente

	<p>educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.</p> <p>d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.</p> <p>f) Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.</p>
<p>h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.</p>	<p>b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.</p> <p>g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.</p>

3.2. Obxectivos específicos.

- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).

- Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
- Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
- Revisar e adaptar os documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
- Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.
- Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
- Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).
- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
- Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello,

benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...).

3.3. Actuacións, medidas ou programas.

3.3.1. Organización xeral da convivencia do centro.

3.3.1.1. Comisión de convivencia.

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

Os seus membros son elixidos polo consello escolar do centro, segundo o establecido no artigo 6.2 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, e deben estar representados, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Os integrantes da comisión de convivencia son nomeados polo director do centro, por proposta dos colectivos representados.

No noso centro está formada por:

- O presidente (o director).
- Representantes do profesorado (2).
- Representantes das familias (2).
- Representante do persoal de administración e servizos (1).

A comisión de convivencia reúnese con carácter ordinario como mínimo tres veces ao longo do curso (unha por trimestre), e de forma extraordinaria cantas veces sexa convocada pola súa presidencia por iniciativa propia ou ben a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia asumirá as seguintes funcións ou actuacións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída, que será aprobado polo consello escolar do centro, tal como se recolle no artigo 10 da Lei 4/2011.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.
- Elevar ao consello escolar de cada centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo propostas polas escolas de nais e pais que se poidan crear no centro e se establezan no plan de convivencia.

Funcións, por delegación do consello escolar:

- Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos.
- Propoñerlle ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia: este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou o órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Posibilidade de asesoramento/colaboración.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, pode solicitar:

- Asesoramento dos profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro.
- Colaboración:
 - Do profesorado titor/a relacionado co tema que se analice.
 - Do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro educativo.
 - Doutros profesionais segundo a problemática de que se trate.
 - Das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

3.3.1.2. As normas de convivencia.

As normas de convivencia axudan a regular comportamentos e describen con precisión as accións que deben poñerse en práctica así como as correccións polo seu incumprimento. Deben conducir sempre a unha mellora educativa, tendo presente que os dereitos dos membros da comunidade educativa deben estar salvagardados.

As normas de convivencia do noso centro están axustadas á Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, ao Decreto 8/2015 e ás disposicións que a desenvolven, estando recollidas nas **NOF** (Normas de organización e funcionamento do centro)

3.3.1.3. Conductas contrarias á convivencia e a súa corrección.

Estas condutas e as correccións correspondentes, así como a recollida de incidencias ou de incumprimento das normas de convivencia, están recollidas nas **NOF** do centro.

3.3.1.4. Aula de convivencia inclusiva.

A aula de convivencia inclusiva estrutúrase tendo como base unha serie de **obxectivos**:

- Dotar ao centro de espazos e tempos para axudar ao alumnado a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo.
- Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, debe ser privado de asistencia durante determinadas horas, materias ou días.

- Xestionar de xeito coordinado os conflitos do centro ofrecendo respostas adaptadas ao grupo clase, ao historial previo, ás condicións sociofamiliares.

No noso centro a aula de convivencia inclusiva reúne unha serie de **características:**

- Terá unha dobre vertente, reflexiva e de traballo.
- O profesorado de garda será o responsable da aula, contando coa axuda do equipo directivo e a orientadora.
- O número de veces que un/unha alumno/a poderá ser derivado á aula inclusiva será de dúas, agás que a xefa de estudos, o/a titor/a e a orientadora consideren o contrario.
- A xefatura de estudos será a encargada de decidir a derivación dun/dunha alumno/a á aula.
- A derivación á aula incluírá tamén traballo de tipo familiar.
- O/a alumno/a acudirá á aula con material curricular actualizado, que será revisado e calificado polo profesor/a da materia.
- Para que se tome esta medida será necesario que se tivesen tomado 3 amonestacións por escrito e que se deixe constancia escrita delas, así como das medidas correctoras aplicadas.

Proceso de incorporación:

1. A xefatura de estudos convocará unha reunión coa orientadora e o/a titor/a do/a alumno/a.
2. Analizaranse as condutas, as medidas previas que se tomaron e as posibilidades que existen. Deixaranse por escrito as conclusións.
3. Unha vez tomada a decisión de derivar ao alumno/a á aula inclusiva, seguiranse os seguintes pasos:
 1. O titor/a comunicaralle á familia a decisión: Deberían entender que o feito de que o/a alumno/a vaia á aula implica que eles adquiren o compromiso de colaborar.
 2. O/a titor/a comunícalle ao alumno/a a decisión.
 3. A xefatura de estudos pedirá ao profesorado do grupo que faciliten material de traballo.

4. A orientadora elaborará un programa específico de actividades de reflexión e resolución de conflitos.
5. A xefatura de estudos informará ao profesorado de garda dos días de inicio e fin da estancia do/a alumno/a na aula.
6. O/a profesor/a de garda acudirá á aula na hora que lle corresponda. Consultará as actividades propostas e instará ao alumno/a a realizalas.
7. A orientadora acudirá á aula nas horas asignadas ao traballo sobre habilidades sociais. Tamén establecerá horas de traballo coa familia.
8. Ao rematar o tempo que o/a alumno/a tiña que pasar na aula, reuniranse o/a titor/a, a orientadora e a xefatura de estudos para analizar o desenvolvemento da medida.
9. O proceso anterior realizarase tamén co/coa alumno/a e coa familia.

3.3.1.5. Protocolos e programas específicos.

No noso centro consideramos imprescindible incluír unha serie de protocolos no presente plan de convivencia debido á importancia que teñen de cara a mellora da convivencia no mesmo.

Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

É de vital importancia que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar ante posibles casos de acoso, sendo imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (presunta vítima, presuntos agresores e espectadores) como coas súas familias. Para iso incorporamos neste plan de convivencia o protocolo estandarizado de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso que a Administración educativa pon á nosa disposición a través das instrucións do 17 de xuño de 2013, que veñen de ser revisadas tras a publicación do Decreto 8/2015.

Este protocolo estandarizado é prescriptivo para os centros escolares e contribúe a organizar a intervención, concretando as fases e dimensións que se deben establecer, proporcionando pautas de actuación ou orientacións en situacións nas que se require un procedemento sistemático para a identificación e resolución do problema. Pode accederse a el no seguinte enlace:

[Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.](#)

Protocolo de absentismo escolar.

No noso centro partiremos do protocolo común de actuación coa finalidade de que contribúa a garantir a asistencia da totalidade do alumnado en idade de escolarización obrigatoria, para sí poder afondar nas medidas preventivas, unificar conceptos e regular e facilitar o procedemento de control e comunicación ás familias da asistencia a clase do alumnado e, no seu caso, guiar o procedemento do expediente de absentismo, de xeito que se favoreza a mellora da calidade educativa e os índices de éxito escolar. (Véase NOF). Pode accederse ao protocolo xeral no seguinte enlace:

[Protocolo de absentismo escolar](#)

Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero

No noso centro somos conscientes de que escola cumpre unha función social moi importante na formación integral das persoas, nun momento especialmente sensible do desenvolvemento infantil e xuvenil. Neste senso, educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral da infancia, ligada a valores clave como son a igualdade, a pluralidade, a diferenza e o respecto. A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, debe constituír un pilar fundamental na erradicación da transfobia e, polo tanto, un espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito trans non cause rexeitamento. Son realidades que han de ser percibidas e vividas de maneira cotiá e habitual como un aspecto máis da diversidade humana e tamén como unha oportunidade de desenvolvemento e aprendizaxe común de toda a comunidade educativa, como parte importante da sociedade.

Para dar unha resposta axeitada que garanta o dereito á identidade de xénero, partiremos dunha serie de medidas que guiarán as nosas actuacións. Póde accederse ao protocolo facilitado pola Consellería de Educación no seguinte enlace:

[Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero](#)

✚ Plan de actuacións para a igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero

Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas. É preciso prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos, en concreto no noso, para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por outra banda, non podemos perder de vista a necesidade de traballar nas aulas en base á integración e á normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante.

É preciso pois abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a todos os membros que formamos parte da comunidade educativa.

Accións dirixidas á comunidade escolar

- Tratamento da linguaxe: uso dunha linguaxe non sexista, no que se contemple e visualice o xénero feminino.

Accións no centro

- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado/profesorado de ambos sexos.
- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.)
- Criterios de selección de textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.).
- Potenciación de comportamentos e actitudes relacionais igualitarias entre o alumnado.
- Inclusión da perspectiva de xénero en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría, con todo o compromiso debe ser asumido por todo o profesorado. As actuacións educativas serán máis efectivas canto máis interiorizadas estean polos equipos educativos.
- Fomento de actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.).
- Colaboración con outras institucións e organismos para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación.

Máis información accedendo ao seguinte enlace do [Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020](#)

Protocolo ou programa de mediación

No artigo 26 do Decreto 8/2015 defínese a mediación como unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Desde o noso centro potenciaremos a utilización da mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa, con independencia dos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Para iso potenciaremos a formación en mediación dos membros da comunidade educativa.

Sen embargo, a mediación non substituirá o conxunto de normas que forman as NOF do noso centro, pero si será un método construtivo para a resolución pacífica de conflitos:

- Como unha medida previa naqueles conflitos para os que as normas de convivencia no centro educativo prevexan algún tipo de sanción, xa que as diferentes accións que a mediación pon en marcha poden favorecer a aprendizaxe das habilidades sociais necesarias para mellorar a convivencia.
- Como unha medida para a resolución daqueles conflitos nos que non se produce unha transgresión a ningunha norma de convivencia do centro, pero nos que a mediación ofrece a posibilidade de abordalos de forma pacífica e dialogada.
- Como unha medida posterior, reparadora, en casos de disfuncións á convivencia, abordados segundo o previsto na normativa, pero nos que ademais das medidas que o centro educativo adopte, a mediación preséntase como unha oportunidade de reconstrución, reconciliación e resolución.

A utilización da mediación é un recurso que non exime de dar cumprimento ao procedemento legal para as condutas graves, senón que o complementa, facilita e dá coherencia educativa.

Protocolos e programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais

Os programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais, ou actuacións similares que contribúan a un desenvolvemento equilibrado das competencias persoal e social, son fundamentais como medida de prevención para evitar que nos centros educativos se produzan condutas que alteren unha desexada convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa.

A Lei 4/2011, no seu artigo 19, destaca, entre os programas e actuacións complementarias as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, a elaboración e desenvolvemento por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais dirixido fundamentalmente ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e que ten como finalidade mellorar a súa integración no centro docente. Ademais, tanto a citada lei como o artigo 24 do Decreto 8/2015 establecen este tipo de programas tamén para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, ou mesmo para a súa atención na aula de convivencia inclusiva, tal como se mencionou anteriormente. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

PROGRAMAS FORMATIVOS NO CEIP COUCEIRO FREIJOMIL**PARA O ALUMNADO:**

- Plan Director de Convivencia: charlas dirixidas ao alumnado e á comunidade educativa sobre o acoso escolar e a navegación segura en Internet e o uso responsable das novas tecnoloxías.
- Cine-ensino: visualización de películas, e posterior traballo sobre elas, centradas no desenvolvemento de valores positivos de convivencia.
- Contacontos semanal: en colaboración co Equipo de Biblioteca e de Dinamización da Lingua Galega realización dun contacontos semanal (xoves) no que alumnado voluntario de 5º e 6º de E. Primaria vai ler un conto ás aulas de E. Infantil.
- Obradoiros en gran grupo e/ou individuais co alumnado de 4º, 5º e 6º en colaboración co concello nos que se tratan diversos temas de convivencia, ben porpostos polo centro, pola empresa que os organiza ou ben en base as necesidadeas manifestadas polo alumnado.

PARA O PROFESORADO:

- Cursos de Formación

PARA AS FAMILIAS:

- Plan Director para a convivencia escolar
- Informacións a nivel titorial

3.3.2. ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA

OBXECTIVO	ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPO RALIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Mellorar a convivencia con medidas de organización do centro	<ul style="list-style-type: none"> - Revisión nos departamentos/equipos, CCP e claustro, nas primeiras semanas de setembro, das normas incluídas no plan e establecer acordos sobre formas de abordar o traballo destas normas co alumnado. -Durante o mes de setembro dedicar tempo nas aulas de todos os niveis ao traballo sobre as normas do plan. -Adopción de acordos entre o profesorado respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática. -Esixencia do cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do centro naquelas situacións que o requiran. -Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva. -Vixiar as zonas comúns (aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...) e mellorar as zonas de ocio (organizar grupos de xogo...). - Establecer reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. -Organizar o centro de forma 	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo Profesorado Comisión de convivencia Departamento de orientación 	Curso 2016 / 2017	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Cantas normas se revisaron ✓ Canto tempo se reservou en setembro nas aulas para valorar o plan ✓ Que acordos se tomaron sobre disciplina ✓ Participou todo o profesorado na esixencia do cumprimento das normas ✓ Houbo encontros con toda a comunidade educativa para favorecer a convivencia ✓ Aumentouse a eficacia na vixilancia das zonas comúns ✓ Establecéronse reunións periódicas de titores para mellorar a convivencia no centro ✓ Tomáronse medidas para fomentar o respecto pola diversidade no centro

	respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.			
Potenciar a convivencia mellorando a formación do profesorado e das familias	<p>-Promover desde a comisión de convivencia e asociación de nais e pais actividades informativas e formativas para nais e pais en relación cos temas de convivencia</p> <p>-Difundir actividades formativas relacionadas coas distintas medidas recollidas no plan de convivencia.</p>	<p>Comisión de convivencia</p> <p>Profesorado</p> <p>ANPA</p> <p>Departamento de orientación</p>	Curso 2016 / 2017	<p>✓ Realizáronse actividades formativas ou informativas sobre convivencia</p> <p>✓ Medidas que se tomaron para difundir o plan de convivencia</p>
Mellorar as relacións interpersoais	<p>-Potenciar a participación de todo o alumnado nos xogos e outras actividades evitando as exclusións.</p> <p>- Realización de entrevistas individuais co alumnado que rexeita os seus compañeiros, recollendo información e reflexionando sobre as actitudes de rexeitamento cara aos compañeiros e compañeiras procurando que se poñan no lugar do rexeitado e perciban os seus sentimentos.</p> <p>- Transmisión na aula de mensaxes de acollida a todos os compañeiros nos nosos xogos (todos podemos xogar, só non xoga o que non quere).</p> <p>-Educar sentimentos, actitudes e valores, ensinando a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto cara ás emocións dos demais. • Desenvolver a empatía, poñéndose no lugar dos outros. • Coñecer as consecuencias emocionais que poden ter as formas de relacionarse cos compañeiros e 	<p>Equipo directivo</p> <p>Profesorado</p> <p>Departamento de orientación</p>		<p>✓ Mellorou a participación e a inclusión do alumnado nos xogos</p> <p>✓ Elaborouse material con mensaxes integradores e de acollida cara os outros compañeiros</p> <p>✓ Diminuíron os enfrontamentos en espazos comúns, no recreo con respecto a cursos anteriores</p> <p>✓ Elaboráronse unhas pautas sobre os modos adecuados de relación</p>

	<p>compañeiras.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ser asertivos superando a timidez e a inseguridade. • Identificar as situacións de violencia/abuso. • Rexeitar adecuadamente os violentos e abusadores e a non valorar estes modelos de comportamento. • Traballar na clase sobre modos adecuados de relación: falar, escoitar con respecto aos demais... 			
Intervir directamente ante problemas de convivencia	<p>-Elaborar protocolos de actuación ante unha agresión.</p> <p>- Realizar entrevistas individuais coas persoas agredidas, pescudando ata que punto lle afectou a agresión, reforzalo e mellorar a súa autoestima.</p> <p>- Realizar entrevistas individuais coas persoas agresoras, co obxecto de reflexionar sobre os seus actos e actitude (individual/grupo), facéndoas tomar conciencia sobre a responsabilidade que temos sobre as consecuencias das nosas accións, esixíndolle que pida desculpas e asegure que a agresión non se vai volver repetir.</p> <p>-Inducir o alumnado a solicitar a axuda dos profesores en caso de agresión.</p> <p>- En función dos niveis, traballar mediante debuxos ou carteis, conceptos de convivencia e descrición do maltrato</p> <p>- Solicitar o apoio e asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.</p>	<p>Equipo directivo</p> <p>Profesorado</p> <p>Departamento de orientación</p>	<p>Curso 2016 / 2017</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Elaboráronse protocolos de actuación ✓ Realizáronse carteis en todos os niveis do centro sobre a non discriminación e o maltrato ✓ Que actuacións tivo a orientadora para asesorar ante indicios dun posible acoso

<p>Potenciar a difusión do plan de convivencia</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Realizar un claustro para a presentación do plan de convivencia ao profesorado - Propiciar asembleas de aula e reunións de representantes do alumnado para analizar distintos aspectos do plan de convivencia e das NOF. - Informar as nais e pais/titores legais nas reunións de inicio de curso sobre o plan de convivencia e NOF - Informar ao persoal de administración e servizos cun resumo do plan de convivencia e NOF 	<p>Equipo directivo</p> <p>Profesorado</p> <p>Departamento de orientación</p>	<p>1º trimestre</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Fíxose o claustro ✓ Analizou o alumnado en asemblea as NOF e o plan de convivencia ✓ Na primeira reunión titorial coas familias informóusel as das NOF e do Plan de Convivencia ✓ Proporcionóuselle ao persoal de administración e servizos un resumo das NOF e do plan de convivencia
---	---	---	---------------------	---

4. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

As actuacións recollidas no presente Plan deberán levarse a cabo baixo os principios de colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas. Así mesmo, os diferentes órganos de coordinación docente incorporarán nas súas actuacións, as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que se estableza neste plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro, así como, nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

Pola súa banda, o noso centro seguirá coordinándose cos servizos sociais locais en todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos como por exemplo na atención e o seguimento das minorías desfavorecidas, alumnado inmigrante, determinación de axudas de diversa índole, situacións de familias con dificultades, etc.

O departamento de Orientación coordinará as súas actuacións de transición do alumnado que se vaia incorporar ao novo IES Breamo en colaboración co Departamento de Orientación do mesmo, así como do alumnado que se incorpora ao noso centro procedente do CEIP de Ombre.

NIVEIS DE COORDINACIÓN	MECANISMOS DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN DE TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA
COORDINACIÓN INTERNA NO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> ○ Reunións ao inicio de curso para a elaboración das programacións didácticas. ○ Reunións ao inicio de curso do profesorado que impartiu clase a un grupo e o profesorado que vai impartir o próximo curso. ○ Reunións periódicas dos equipos de nivel/internivel para unificar e coordinar criterios sobre normas e comportamento da aula. ○ Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) unha vez ao mes. ○ Reunións periódicas do equipo de actividades extraescolares ○ Reunións periódicas do equipo directivo co persoal non docente ○ Reunións periódicas e claustros do profesorado para coordinar distintos aspectos do centro ○ Reunións semanais do departamento de orientación
COORDINACIÓN COAS FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> ○ Hora semanal de visitas titoriais (martes de 17.00h. a 18.00h.) ○ Reunión titorial xeral obrigatoria no primeiro trimestre, antes do 31 de outubro ○ Axendas escolares gratuítas para todo o alumnado
COORDINACIÓN COA ANPA	<ul style="list-style-type: none"> ○ Reunións formais e informais do equipo directivo coa ANPA do centro para coordinar actividades a desenvolver no centro.
COORDINACIÓN CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS	<ul style="list-style-type: none"> ○ Contacto frecuente do director/a como da orientadora coas direccións e orientadores/as dos outros CEIPs e IES da zona.
COORDINACIÓN CON ORGANISMOS DO CONTORNO	<ul style="list-style-type: none"> ○ Contacto frecuente coa Concellería de Educación do noso concello. ○ Reunións sempre que sexa preciso cos servizos sociais, sanitarios, asistenciais... ○ Comunicación con outros organismos (ASPANAEPS, Policía, Garda Civil...)

5. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN

A comisión de convivencia terá a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático do plan de convivencia e, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato.

A avaliación do plan terá un enfoque continuo e procesual, sendo realizada de forma integradora, complementaria, coordinada e conxunta cos procesos de avaliación das aprendizaxes do alumnado.

Os responsables desta avaliación serán, en primeiro lugar, a comisión de convivencia, o equipo directivo e o consello escolar, coa participación de todos os sectores da comunidade educativa. Cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, e a través dos diferentes mecanismos de coordinación xa descritos nun punto anterior, os diversos sectores da comunidade educativa realizarán as propostas de mellora que consideren pertinentes para incluír na memoria final. Esta memoria será elaborada pola comisión de convivencia e formará parte da memoria anual do centro.

Ámbitos e criterios da súa avaliación

♣ **En relación co contorno social:** relacións centro educativo-institucións do contorno; relacións familia-institucións do contorno; oferta de formación e ocio das institucións do contorno; plans de mellora da convivencia social...

♣ **En relación co contorno familiar:** relacións centros-familias; canles de comunicación e de información; participación das familias; espazos e tempos dedicados á relación; estilos educativos das familias; formación das familias...

♣ **En relación co contorno escolar:** espazos, instalacións e mobiliario do centro; clima de convivencia no centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase...;

normas de convivencia do centro e da aula; relacións entre os membros da comunidade educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade...

6. DIFUSIÓN DO PLAN

O presente plan de convivencia estará disposición da comunidade educativa a través dos seguintes mecanismos:

- Reunións a principio de curso con profesores/as e titores/as, nas que se traballen ambos os documentos.
- Promoción de reunións coas familias antes do mes de novembro nas que se publiciten ambos os documentos e especificacións traballadas.
- Presentación adaptada ao nivel do alumnado das normas e as súas especificacións aos grupos/clase por parte dos seus titores.
- Sempre se terá a disposición de alumnos/as e familias o Plan de Convivencia, quedando a disposición das mesmas un exemplar en Secretaría.